

## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLN/2019/16	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria urgente Motivo: «NECESIDADE DE SOMETER A APROBACIÓN A CONTA XERAL 2018 E PROPOÑER FESTIVOS LOCAIS 2020 CON ANTERIORIDADE AO 15 DE OUTUBRO»
<b>Data</b>	10 de outubro de 2019
<b>Duración</b>	Desde as 21:05 ata as 22:15 horas
<b>Lugar</b>	SALON DE SESIONS
<b>Presidida por</b>	Constantino Cordal Rodríguez
<b>Secretario</b>	MIGUEL RODRIGUEZ DE VICENTE-TUTOR

### **ASISTENTES (15):**

**PSDG-PSOE (3):** D<sup>a</sup> María Cruz Leiro Peña, D. Samuel Lago Ozón e D. David Meisas Fernández.

**SOMOS CAMBADOS (3):** D. Xurxo Charlín Trigo, Constantino Cordal Rodríguez e D<sup>a</sup> Carolina Aragunde Laya.

**B.N.G. (2):** D. Víctor Manuel Caamaño Rivas e D<sup>a</sup> Mariel Oubiña Vázquez.

**P.P. (6):** D. Luís Aragunde Aragunde, D<sup>a</sup> María Isabel Fole Trigo, D<sup>a</sup> Silvia Fernández Pérez, D<sup>a</sup> Sonia Agra Piñeiro, D. Juan Ramiro Gómez Blanco e D<sup>a</sup> María del Mar Núñez Chaves.

**CAMBADOS PODE (1):** D. José Ramón Abal Varela

### **NON ASISTEN (2)**

**PSDG-PSOE (1):** Fátima Abal Roma.

**P.P. (1):** D<sup>a</sup> Nerea Pintos Castro.

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

## A) PARTE RESOLUTIVA

### 1.- Ratificación da urxencia da sesión.-

O Sr. Secretario da conta da motivación da urxencia da sesión que di,  
“De acordo co artigo 223.1 e 2 Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais a fiscalización externa das contas e da xestión económica das entidades locais e de todos os organismos e sociedades delas dependentes é función propia do Tribunal de Contas, co alcance e condicións que establece a súa lei orgánica reguladora e a súa lei de funcionamento.

A tal efecto, as entidades locais rendirán ao citado Tribunal, antes do día 15 de outubro de cada ano, a conta xeral a que se refire o artigo 209 desta lei correspondente ao exercicio económico anterior.

Consta, igualmente, comunicación da Consellería de Economía, Emprego e Industria lembrando a necesariedade de propoñer os festivos locais para o ano 2020 do Concello antes do vindeiro 15 de outubro.

Tendo en conta que o prazo de exposición pública da Conta Xeral expirou o pasado 07.10.2019 e resulta preciso dispoñer de tempo necesario para a súa remisión dentro do prazo previsto a través da aplicación informática coa circunstancia engadida de que os vindeiros 12 e 13 de outubro son días festivos e, polo tanto, inhábiles.

Por todo o exposto e polo que se motiva o carácter extraordinario e urxente da presente convocatoria.”

Sometido a votación o Pleno, por unanimidade dos seus membros, acorda ratificar a urxencia anterior.

## 2.- Expediente 1259/2019. Aprobación conta xeral 2018.-

Dáse conta da proposta da Alcaldía de data, 08/10/2019, na que se recolle o seguinte:

*“Visto que a Intervención procedeu á formación da Conta Xeral do exercicio 2018 e emitiu informe sobre a mesma con data 02/08/2019.*

*Visto que Conta Xeral do exercicio 2018 foi ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas, en sesión celebrada o 29 de agosto de 2019.*

*Visto que a Conta Xeral do exercicio 2018 e o Ditame da Comisión Especial de Contas sobre ela permaneceron expostos ao público durante quince días, contados dende a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia núm. 169, de 4 de setembro de 2019 así como no taboleiro de anuncios do Concello.*

*Visto que durante os quince días de exposición ao público e oito días máis, os interesados puideron presentar alegacións, prazo que finalizou ou día 07/10/2019.*

*Visto que, segundo certificado emitido por Secretaría con data 08/10/2019, durante o prazo de alegacións non se presentaron escritos de reclamacións, reparos ou observacións á Conta Xeral 2018.*

*Visto canto antecede e de conformidade co disposto no artigo 212.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais en consonancia co artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propónse ao o Pleno a adopción do seguinte*  
**ACORDO:**

**PRIMEIRO.** Aprobación da Conta Xeral do exercicio 2018.

**SEGUNDO.-** *Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.5 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.*”

O Sr. Charlín Trigo (Somos Cambados) da lectura á seguinte intervención:

*“Boas tardes, neste pleno damos conta da Proposta da Presidencia na que se recolle que, rendida a Conta Xeral correspondente ó exercicio económico de 2018, e que foi sometida a ditame da Comisión Especial de Contas, na súa sesión do 29 de agosto de 2019 na que se emitiu ditame favorable.*

*Exposta ó público durante quince días hábiles e oito máis, non se formulou contra a mesma reclamación ou observación algunha, segundo se recolle na correspondente certificación que obra no expediente.*

*Na súa consecuencia, e segundo se establece no referido ditame, procede elevala directamente ó Pleno, para a súa aprobación definitiva, sen necesidade de novo ditame; por elo, e cumpríndose con todo o establecido, Propónselle ó Pleno da Corporación, teña a ben adopta-lo seguinte acordo:*

*Aprobar definitivamente a Conta Xeral correspondente ó exercicio económico de 2018, e que se remita ó Consello de Contas da Comunidade Autónoma Galega en cumprimento do establecido ó respecto.*

*Neste documento mostrase a xestión económica realizada no anterior exercicio, e nel reflíctense os resultados contables co que se pecha o exercicio 2018, pechando o concello de Cambados o ano 2018 cun superávit de 602.894,21 euros, segundo o resultado da Conta Xeral, e cuns un Resultado Orzamentario 1.112.575,39€, no que se realizaron uns gastos totais de 8,8 millóns de euros, cuns investimentos en obras que superan o medio millón de euros, creando e aumentando os servizos que se lle prestan aos veciños de Cambados, mellorando o servizo de limpeza nos colexios e nas instalacións deportivas, prestando o servizo do Plan Madruga en tódolos Colexios de Cambados, colaborando cos novos comedores escolares de Castrelo e Vilaríño, aumentando o numero de persoas que se atenden no Servizo de Axuda no Fogar, dando servizo a 19 usuarios do centro de Día de Cambados, e aumentando as axudas de emerxencia social en case o dobre que hai tres anos, aumentando tamén, as axudas ao estudio e creando axudas para os universitarios, cando antes non chegaban os cartos para as familias que as solicitaban, e incrementando o importe das axudas que se lles dan as asociacións e entidades sen lucro, en definitiva, invertendo nas persoas que máis o precisan.*

*Unha Conta xeral que pecha cuns ingresos de 9,6 millóns, e non por aumentar o esforzo fiscal nos veciños, xa que nestes tres últimos anos reducíronse impostos como o IBI nun 23% e somos un dos Concellos da provincia de Pontevedra con maior número de bonificacións fiscais, e das que se benefician máis de 2.000 veciños de Cambados en impostos e taxas, incrementándose principalmente os ingresos gracias ao aumento de transferencias correntes e de capital doutras administracións.*

*No tócate o remanente de tesourería a conta Xeral reflexa un saldo de 723.468,10 euros, e a liquidez municipal, segundo o informe técnico indica que as arcas do Concello manteñen a peche de 2018 un saldo bancario de 1.629.393,41 euros. O que supón pechar o 2018 con 505.457,56 euros máis de liquidez que no exercicio 2017, moi lonxe da situación na que nos atopabamos a finais do 2015 cunha liquidez de 416.903,28 €. O que supón que en tres anos de xestión eficiente da economía do Concello de Cambados multiplicamos por tres a liquidez nos saldos das contas do banco.*

*O Concello de Cambados ten 1.212.490,13 € máis agora no banco que do que o goberno do señor Aragunde nos deixou nas contas en 2015, pero non só nestes datos melloramos, se non que tamén lle debemos menos aos bancos, e aos provedores.*

*Así a débeda viva pendente do concello de Cambados coas entidades financeiras, a peche do exercicio 2018, ascende a un total de 1.003.483,46€, situando o endebedamento ao peche do anterior exercicio nun 7,61%, moi lonxe do máximo legal establecido no 110%, e moi por debaixo dos 2,4 millóns de euros que se debían en 2015, en tres anos reduciuse a débeda bancaria en máis de un millón e medio de euros..*

*Reducíndose tamen a morosidade con provedores, así somos un dos concellos que menos debida con provedores presentaba a 30 de xuño deste ano de toda a comarca do salnés, con pouco máis de 700 mil euros de deudas en facturas, lonxe dos máis de 1,3 millóns de euros que se lle debían aos provedores en 2015 co goberno do Señor Aragunde.*

*Destacar que o período medio de pago a provedores non supera o límite legal previsto na normativa de morosidade (30 días), sendo o dato de Cambados a 31 de decembro de 2018 de 20,2 días, e no segundo trimestre deste exercicio inda se reduciu moito máis o prazo, sendo o PMP actual de 15 días, o segundo máis baixo da comarca, lonxe dos 60 días de período medio de pago que nos atopamos. Motivo polo que queremos agradecer, e que conste en acta, aos traballadores dos departamentos de Intervención, Tesouraría e Contabilidade o gran labor que están a desenrolar e que fan posible o seu cumprimento anticipado.*

*En definitiva, en tres anos, aumentouse a liquidez en máis de un millón douscentos mil euros, e reducimos a debida bancaria e cos provedores en máis de 2 millóns de euros, pagando aos provedores en dúas semanas cando antes se tardaba dous meses, mentras aumentamos os servizos que presta o Concello e reducimos os impostos que se lle cobran aos veciños.*

*Estes datos contables débense, en gran medida, ao rigor e a responsabilidade coas que se xestionan os balances do municipio, pois un dos obxectivos fixados é o de establecer criterios acordados coas necesidades económicas, sen gastar máis do que se ingresa. A xestión do Concello, procura axustarse á realidade orzamentaria sen que iso vaia en detrimento do desenvolvemento e a prosperidade do municipio. Unha política económica eficaz non é incompatible coa boa xestión e a redución de impostos aos nosos veciños xunto co incremento de bonificacións fiscais. Pasando dunha xestión económica do Partido Popular, que levou ao Concello de Cambados a someterse a un Plan de Axuste baixo a tutela financeira doutras administracións, a presentar unhas contas municipais saneadas, reducindo a débeda, aumentando a liquidez e cumprindo cos parámetros que marcaba o Plan de Axuste Económico Financeiro para sacar a flote as contas municipais.*

*En definitiva, que hai moitos datos que se poderían dar e todos son mellores que cando vostede gobernaba señor Aragunde, pero hai que lembrar que a Conta Xeral debe ser aprobada polo Pleno da Corporación (artigo 193.4 do RDL 2/2004).*

*Por último, tal como se indica no apartado da regra 49 da ICAL 2013, a aprobación da Conta Xeral é un acto esencial para a súa fiscalización polos órganos de control externo, que non require a conformidade coas actuacións reflectidas nela nin xera responsabilidade por razón destas.”*

O Sr. Abal Varela (Cambados Pode) di que votarán a favor da proposta ao formar parte dese goberno.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) di que xa manifestaron a súa postura favorable na Comisión de Contas.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) manifesta que a situación mudou do ano 2014 ao 2019.

No anterior goberno do PP (2011 a 2015) existía un contexto de crise no que pechaban empresas todos os días, cuestión que afortunadamente mellorou.

Critica a tardanza en traer a Conta Xeral, o que deu lugar a necesidade de convocar un Pleno extraordinario cando na época do PP sempre se rendían en maio ou xuño.

Di que cun Concelleiro de Facenda liberado nunca tantos reparos houbo, poñendo de manifesto unha morea de gastos sen procedemento nen licitación previa.

Apunta a que un millón de euros de remanente é un síntoma de que se está a orzamentar mal.

Pregúntase en que mete os cartos o equipo de goberno tendo en conta que cada vez hai menos servizos administrativos; o Plan Madruga antes era gratuíto e agora non; a Policía Local presta os peores servizos dos últimos 25 anos non por culpa do seu persoal senón por falta de dirección (falta de patrulla polas noites, caos de tráfico).

Alude a unha falta de xestión nas obras, a deficiencias nas obras executadas no conxunto histórico-artístico (Rúa os Pazos) a unha perda de relevancia das actuacións das Festas do Albariño.

O Sr. Charlín Trigo (Somos Cambados) di que o incremento dos reparos débese a cambios na normativa de fiscalización previa e manifesta que o período medio de pago mellorou baixando ata as dúas semanas. Aclara que a día de hoxe non ten adicación e da conta de obras executadas nese período. Da conta das actuacións de limpeza levadas a cabo nas Festas do Albariño 2019.

O Sr. Gómez Blanco (PP) manifesta que se se concertou un préstamo é normal que haxa débeda.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) da conta das obras executadas con cargo ao crédito Fomit.

Defende que na súa etapa de goberno o Concello de Cambados era dos menos endebedados de Galicia; cun número de reparos moi inferior ao actual e cunha actividade cultural moi superior (alude a que o Museo do Viño está mais pechado que aberto).

Critica que existan naves sen actividade no Polígono cando existen empresas que buscan ubicación así como o escaso movemento do Viveiro de Empresas.

O Sr. Charlín Trigo (Somos Cambados) expón que é normal que marchen as empresas do Viveiro porque ese é o seu obxectivo. En relación aos arrendamentos di que haberá que sacar unha licitación pública para que calquer interesado poida presentar oferta e adxudicarse á mais ventaxosa.

Sometido a votación o Pleno, por nove votos a favor dos concelleiros integrados nos grupos municipais do PsdeG-PSOE, Somos Cambados, BNG e Grupo Mixto Cambados-Pode e seis abstencións dos concelleiros integrados no grupo municipal do PP adopta o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.** Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2018.

**SEGUNDO.-** Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.5 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

### 3.- Expediente 4698/2019. Proposta festivos locais 2020.-

O Sr. Secretario da conta do ditame da Comisión Informativa de Muller, Igualdade e Réxime Interior, favorable, por cinco (5) votos a favor dos concelleiros integrados nos grupos municipais do PP, PsdeG-PSOE e grupo mixto (Cambados Pode) e dúas (2) abstencións dos concelleiros integrados nos grupo municipal de Somos Cambados e BNG que di:

*“Vista a comunicación da Consellería de Economía, Emprego e Industria lembrando a necesariedade de propoñer os festivos locais para o ano 2020 do Concello antes do vindeiro 15 de outubro, proponse ao Pleno a adopción do seguinte, **ACORDO:***

*1.- Propoñer como festas locais para o ano 2020 no Concello de Cambados as seguintes datas:*

*-11 de xullo (San Benito)*

*-18 de xullo (Santa Mariña)*

*2.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Emprego e Economía Social da Consellería*

*de Economía, Empleo e Industria.”*

O Sr. Abal Varela (Grupo Mixto Cambados Pode) di que, de acordo co posicionamento da Comisión Informativa, manterán o seu posicionamento de apoiar os festivos locais para San Benito e Santa Mariña.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) sinala que habitualmente non houbo problemas en relación á decisión acerca dos días festivos. Pide unha explicación acerca de o por que a persoa que presenta a proposta non a defende e se se levou a Xunta de Goberno Local, porque de algunha maneira parece unha situación rara.

O Sr. Alcalde Accidental, pon de manifesto a situación da coincidencia dos festivos locais con sábado. Apunta que a postura do grupo municipal de Somos Cambados foi a de defender que se modificase un festivo local para o Entroido, aínda recoñecendo contactos coa Asociación de Comerciantes que mantiña a postura de manter os festivos para o sábado.

Argumenta que esa foi a postura de Somos Cambados na Xunta de Goberno Local pero perdeu o seu posicionamento na votación e, debido a que forman parte dun goberno coaligado, asumen esa postura. Lembra que o seu grupo mantivo a abstención na votación da Comisión Informativa.

O Sr. Lago Ozón (PsdeG-PSOE) argumenta que a postura do seu grupo municipal e da Xunta de Goberno Local é a de manter os festivos locais para os días de San Benito e Santa Mariña para o sábado, tendo en conta que existen colectivos que traballan o sábado e defenden ese día de descanso.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) di entender que as Xuntas de Goberno Local teñen que votar dun modo conxunto as súas propostas, aínda que como concelleiro pode que non te guste algún acordo. Afirmo que os gobernos deben actuar de forma conxunta.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) ironiza en relación á forma de adoptar os acordos por parte do goberno municipal, que pode constituír un precedente para chegar a acordos con Somos Cambados en contra do criterio da Xunta de Goberno Local.

O Sr. Alcalde Accidental di que, aínda que puido producirse unha situación anómala, o certo é que asumen o acordo da Xunta de Goberno Local como postura dun goberno que actúa de forma coordinada e harmonizada.

Sometido a votación o Pleno, por dez votos a favor dos concelleiros integrados nos grupos municipais do PsdeG-PSOE, PP e Grupo Mixto Cambados-Pode e cinco abstencións dos concelleiros integrados no grupo municipal de Somos Cambados e BNG adopta o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Propoñer como festas locais para o ano 2020 no Concello de Cambados as seguintes datas:

-11 de xullo (San Benito)

-18 de xullo (Santa Mariña)

**SEGUNDO.-** Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Empleo e Economía Social da Consellería de Economía, Empleo e Industria.

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

### C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde acctal. da por rematada a sesión, na data e hora indicada no encabezamento, de todo o que eu como secretario, dou fe extendendo a presente acta, a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, segundo o disposto no artigo 206 do R.O.F.

### DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE